



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 13 DE XUÑO DE 2016.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de xuño de dous mil dezaseis; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado seis de xuño de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitude de información urbanística interesada por **Dona Emilia Lameiras Rejo**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Progreso nº 32, baixo, Ribadavia, número de expediente **RIB/N/57/16**. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 06.06.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para o inmovible sito no Camiño da Barca nº 8 e 10 (Ref. Catastral 07203/11), a solicitude de **Dona Emilia Lameiras Rejo**, de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitude de información urbanística interesada por **Dona Antonia Rodríguez Araujo**, con domicilio a efectos de notificación na Praza Maior nº 8, baixo, Ribadavia, número de expediente **RIB/N/59/16**. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 08.06.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para o inmovible sito no Camiño do Val, Francelos (Ref. Catastral 9811909NG6891S0001RS), a solicitude de **Dona Antonia**



Rodríguez Araujo, de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- De Aqualia, escrito de data 07.06.2016, relativo a finalización de concesión administrativa da Xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento, Saneamento e Depuración co Concello de Ribadavia, con data 31.07.2016.

- Da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, escrito comunicando reaxuste os importes das anualidades da subvención concedida para a elaboración do planeamento municipal.

- Do Servizo municipal de deportes, informe sobre control, mantemento en prevención da lexionela realizado pola empresa contratada polo Concello, Insa S.L..

- Da Dirección Xeral de Administración Local, notificación de resolución desestimatoria de solicitude de subvención do Fondo de compensación ambiental para o ano 2016.

- Da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, comunicación sobre a mellora da seguridade no campo das instalacións eléctricas.

- Da Deputación Provincial de Ourense, acordo da Xunta de Goberno de data 10.06.2016 resolvendo concurso público para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2016.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de maio 2016, por importe de 1.891 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE SOCORRISTA.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 13.06.2016, en base a comunicación recibida de data 1 de xuño de 2016 da Xefatura Territorial do Servizo de Emprego e Economía Social e Plan de Empregabilidade da Deputación Provincial de Ourense, relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir dúas prazas de socorrista acuático.

No expediente constan os seguintes elementos:



1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 13.06.2016.
2. Informe de intervención de data 13.06.2016.
3. Informe xurídico de data 13.06.2016.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir dúas prazas de socorrista acuático.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº1/16.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº1/16, por importe de 10.000 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia